

Hoxe, nun mitin en Vilalba xunto á cabeza de lista pola provincia de Lugo, Elena Candia, e a presidenta local do partido, Sandra Vázquez

Alfonso Rueda apela á maioritaria suficiente para que o barullo do multipartito non interrompa o avance da Galicia que funciona

- Pide o apoio que sempre dá a provincia de Lugo ao Partido Popular e chama aos seus a traballar sen dar un voto por gañado nin por perdido, con argumentos e cun programa para que Galicia gañe
- Fronte a aqueles que queren quitarlle os honores na súa vila natal, Rueda reafirma o seu orgullo por todo o que Manuel Fraga fixo por Galicia e asegura que ninguén conseguirá borrar a memoria aos galegos

6 de febreiro de 2024. O presidente e candidato do PPdeG, Alfonso Rueda, pediu hoxe en Vilalba o voto para o seu partido o próximo 18 de febreiro para evitar que o barullo do multipartito non consiga interromper o avance da Galicia que funciona.

Acompañado pola cabeza de lista pola provincia de Lugo, Elena Candia, e a presidenta local do partido, Sandra Vázquez, o líder dos populares galegos asegurou que, por moito barullo que faga o multipartito, Galicia ten que seguir sendo como é: unha Comunidade que crece como a que máis, que baixa impostos, que apoia máis que en ningún outro lugar ás familias e aos maiores, que é pioneira e líder en educación pública en todas as etapas e que é o destino favorito para turistas de todo o mundo.

Neste sentido explicou que se Galicia funciona é porque hai un pobo unido e un goberno que está ao que ten que estar, centrado en resolver os problemas dos galegos e as galegas. Por iso deu a todos os asistentes a súa palabra de que, a diferenza dos enredos e das contradicións doutros partidos, el si cumprirá a súa palabra e pide o voto con propostas que vai cumprir.

Propuxo así unha Galicia que aposte polo seu sector primario e apoie ao rural e ao mar sen medias tintas, na que os galegos sigan pagando menos impostos e conten

cunha matrícula gratuíta en toda a educación e na que os maiores teñan os mellores coidados posibles e estean activos con propostas como o Bono Actívate.

Para todo iso pediu o apoio que sempre dá a provincia de Lugo ao Partido Popular e chamou aos seus a traballar sen dar un voto por gañado nin por perdido, con argumentos e cun programa para que Galicia gañe.

Aproveitando a súa presenza en Vilalba, o líder dos populares galegos quixo ademais reivindicar a figura de Manuel Fraga fronte a aqueles que queren quitarlle os honores na súa vila natal. Neste sentido reafirmou o seu orgullo por todo o que Fraga fixo por Galicia e asegurou que, por moito que outros o intenten, ninguén vai borrar a memoria aos galegos.